Débese lembrar que na Terceira Parte “Contas Anuais” do plan de Contas anexo á ICAL, concretamente no apartado 24.6 da Memoria, establece o cálculo de cada un dos elementos que compoñen este remanente, e deste xeito, obtemos as magnitudes que a continuación se indica, e tamén mediante a realización dunha comparativa deste remanente (e do remanente de tesourería para gastos xerais) do exercicio obxecto de liquidación (2023) e dos mesmos compoñentes dos dous exercicios anteriores co fin de ver a súa evolución e xustificación de determinados elementos tal e como se indicará. Así:



REMANENTE DE TESOURERÍA: COMPARATIVA EXERCICIOS 2024-2023-2022-2021

COMPOÑENTES	2024		2023		2022		2021	
1. Fondos líquidos	12.999.763,73		10.900.089,78		11.736.518,95		9.493.653,26	
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	599.940,13		589.293,61		313.435,74		399.823,90	
(+) do Orzamento corrente.....	310.922,39		423.261,10		172.070,51		237.398,60	
(+) de Orzamentos pechados	159.986,31		95.044,63		96.521,52		125.987,08	
(+) de operacións non orzamentarias	129.031,43		70.987,88		44.843,71		36.438,22	
	428.928,14		227.596,02		610.995,99		543.006,67	
3. (-) Obrigas pendentes de pago	176.818,82		72.330,80		421.527,45		411.152,02	
(+) do Orzamento corrente	3.918,00		104,50		909,98		210,85	
(+) de Orzamentos pechados	248.919,32	193.632,01	155.160,72	3.435,91	188.558,56	3.400,00	131.643,80	-18.952,65
(+) de operacións non orzamentarias	0,00		0,00		0,00		22.235,85	
	193.632,01		3.435,91		3.400,00		3.283,20	
4. (+) Partidas pendentes de aplicación								
(-) cobros realizados pendentes de aplicación ...								
(+) pagos realizados pendentes de aplicación ...								
I. Remanente de Tesourería Total (1 + 2 - 3)	13.364.407,73		11.265.223,28		11.442.358,70		9.331.517,84	
II. Saldos de cobro de dudoso	70.573,08		43.186,20		47.498,95		72.467,09	
II. Exceso de financiamento afectado	0,00		506.995,10		1.520.985,30		1.013.990,20	



Orixe e estado actual dos compoñentes do ano 2024 do remanente de tesourería:

1. Fondos líquidos por importe total de 12.999.763,73 € dos que:

- En **caixa operativa (Corporación)** a cantidade de 496,59€
- En **contas bancarias** a cantidade de 12.999.267,14€

2. Dereitos orzamentarios pendentes de cobro do Orzamento corrente: 589.293,61 €, procedentes de:

- **Orzamentarios (corrente)**, por importe de..... **310.922,39 €** con orixe en:
 - o Do Cap. III (Ordenanza Fiscal nº 1) 310.922,39 € .
- **Orzamentarios (pechados)**, por importe de..... **159.986,31 €** con orixe en:
 - o Do Cap. III (Ordenanza Fiscal nº 1) 159.986,31 €. (476,00 € do exercicio 2016, 8.192,58 € do exercicio 2017, 22.073,17 € do exercicio 2018, 1.839,74 € do exercicio 2019, 1.140,00 € do exercicio 2020, 24.121,25 € do exercicio 2021, 20.712,60 € do exercicio 2022 e 310.922,39 do exercicio 2023).
- **Non orzamentarios** por importe de **129.031,43 €** que proceden, de ingresos duplicados ou excesivos por importe de 1.832,16 €, 127.174,28 que corresponden ao pago delegado da Seguridade Social e 24,99 € correspondentes a outros debedores non orzamentarios derivados de gastos de telepeaxe que foron aboados polo Consorcio e que corresponderían ás empresas concesionarias. O pago delegado é o correspondente ao mes de novembro e decembro, dado que por erro non se lanzou a sinatura o decreto para a aprobación en decembro dos gastos de seguridade social correspondentes ao mes de novembro.

3. Obrigas pendentes de pago por un total de 428.928,14 € procedentes de:

- **Orzamentarias (corrente)**, por importe de **176.818,82 €** con orixe en:
 - o Fras. Cap. II , suma total 126.660,34 €
 - o Cota asociación Cap. IV..... 6.500,00 €
 - o Fras Cap. VI, suma total..... 43.658,48 €
- **Orzamentarias (pechados)**, por importe de **3.918,00 €**
 - o Indemnización asistencia a órganos colexiados Cap. II , suma total 418,00 €
 - o Cota Conbé..... 3.500,00 €
- **Non orzamentarias** por importe de **248.191,32 €** con orixe en:
 - o IRPF retido ao persoal do Consorcio, por importe de 120.396,30 €.
 - o IPPF retido por honorarios de profesionais, por importe de 67,50 €.
 - o IRPF retido aos membros dos órganos de goberno, por importe de 25,18 €
 - o Seguridade Social retida ao persoal do Consorcio, por 124.062,29 € (mes de novembro e decembro)
 - o Garantías definitivas expedientes, A. 02/13, A.03/13, A. 04/13, (contratos núm. 02–2013, 03–2013, 04–2013, 05–2013, 06–2013), prestadas en metálico por un total: 1.771,48€.



- o Retencións por embargos 1.819,84 €
- o Outras retencións 48,73 €

4. Partidas pendentes de aplicación por un total de **0,00 € (ingresos)**, e de **193.632,01 € (gastos)** dos que 190.192,42 € corresponden á cota empresarial da seguridade social do mes de novembro, 2.266,33 € derivan dun RLC de setembro, pendente de imputar, 71,34 € corresponden a unha devolución de ingresos do exercicio 2021 (pendente de imputar por falta de datos), e o resto derivadas do uso do Via-T, que non foron aprobadas durante o exercicio 2024, por non se presentar a documentación xustificativa aínda. Estas contías, agás a da cota empresarial, deberían depurarse, para o que se deberían solicitarán os datos oportunos.

Observación: na realización das operacións de peche detectase que os conceptos non orzamentario 20100 e 20111 reflicten un saldo lixeiramente superior ao que debería existir segundo os pagamentos realizados á Axencia Tributaria e a Tesourería Xeral da Seguridade Social correspondentes os mes de decembro cuxo período de recadación é en xaneiro do presente exercicio. Trátase de pequenas diferenzas que se arrastran de exercicios anteriores.

O Remanente de Tesourería e o remanente de tesourería para gastos xerais:

Coma xa quedou sinalado, a Terceira Parte “Contas Anuais” do plan de Contas anexo á ICAL, concretamente no apartado 24.6 da Memoria establece os compoñentes do remanente de tesourería indicando que está composto polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago, os fondos líquidos, e as partidas pendentes de aplicación, todos eles, referidos ao 31 de decembro do exercicio que se liquida e cuantificados de acordo co establecido no mencionado apartado. Obteremos así o remanente de tesourería (total) como suma dos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro, detraendo disto as obrigas pendentes de pago tal e como vimos no cadro da comparativa, e agregando as partidas pendentes de aplicación.

Obtido desta forma o remanente de tesourería (total) débense facer os axustes precisos, para, á súa vez, obter o remanente de tesourería dispoñible para o financiamento de gastos xerais, que como tamén vimos calcúlase minorando do anterior remanente o importe dos dereitos pendentes de cobro que se consideren de imposible ou difícil recadación así como o exceso de financiamento afectado. Estes dous elementos responden ao seguinte:

- En canto aos dereitos pendentes de cobro de imposible ou difícil recadación: dentro dos **mínimos** que a estes efectos fixa o novo art. **193bis** TRLRFL (introducido polo artigo segundo da Lei 27/2013) deben considerarse como tales aqueles cuxa realización efectiva se estima dubidosa pero, respecto dos que non se tiña adoptado o correspondente acordo de anulación (ou porque non corresponde facelo), polo que a consideración desa “imposibilidade”, non suporá nin a súa baixa en contas nin a súa anulación como tales dereitos (que, de feito, poden recadarse), simplemente é unha cuantificación prudente aos efectos de que o posible recurso que significa o remanente de tesourería para o financiamento de gastos xerais responda a elementos reais e posibles. Aos efectos anteriores, a base 46ª das de execución do Orzamento de 2024, recolle os mínimos requiridos polo art. 193bis TRLRFL, que aplicado aos dereitos pendentes de cobro de cerrados, resulta a contía arriba reflectida. Proceden de dereitos pendentes de cobro do exercicio 2016, dos que respecto dos existentes a 01.01.2024 (476,00 € €) quedando pendentes de cobro a 31.12.2024 476,00 €. Do exercicio 2017, os dereitos pendentes de cobro a 01.01.2024, ascendían a 8.811,58 € e quedan pendentes de cobro a 8.192,58 €. Do exercicio 2018, os dereitos pendentes de cobro a 01.01.2024 ascendían a 22.422,01 e quedan pendentes de cobro 22.073,17. Do exercicio 2019, os dereitos pendentes de cobro a 01.01.2024, ascendían a 1.926,69 € e quedan pendentes de cobro a 31.12.2024, 1.839,74 €. Do exercicio 2020, os dereitos pendentes de cobro a 01.01.2024, ascendían a 1.140,00 € e quedan pendentes de cobro a 31.12.2024 1.140,00 €. Do exercicio 2021, os dereitos pendentes de cobro a 01.01.2024, ascendían a 29.442,70 € e quedan pendentes de cobro a 31.12.2024 24.121,25 €. Do exercicio 2022, os dereitos pendentes de cobro a 01.01.2024 eran 30.825,65 € e quedan pendentes a 31.12.2024 20.712,60 €. O resto proceden dos recoñecidos no exercicio 2023 (423.031,10 € a 01.01.2024), que a 31.12.2024 ascenden a 81.430,97 €.
- En canto ao exceso de financiamento afectado non se da neste exercicio.

$$\begin{array}{rclclcl} \text{[RTE. Tª TOTAL]} & - & \text{[DºS IMP./DIF. RECADACIÓN]} & - & \text{[EXCESO FNCMTO. AFECTADO]} & = & \text{RTE.. TESOURERÍA P/GASTOS XERAIS} \\ 13.364.407,73 \text{ €} & - & 70.573,08 \text{ €} & - & 0,00 & = & 13.293.834,65 \text{ €} \end{array}$$



Este é o informe que emito salvo erro ou omisión involuntarios na aplicación ou interpretación dos antecedentes, documentación que compón a Liquidación do Orzamento e ordenamento xurídico vixente, para a súa unión ao dito expediente da citada liquidación, nembargante a Presidencia, co seu superior criterio, á vista do completo expediente, adoptará a resolución que estime oportuna.

Carballo, na data que figura á marxe.-

A secretaria- interventora,

Asdo.- M^a Graciela Riveiro Moreira.



DECRETO DA PRESIDENCIA

Asunto: Aprobación liquidación Orzamento exercicio 2024

Expediente: 2025/G003/000099

Expediente orixe: 2025/T019/000001

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o expediente tramitado para a aprobación da Liquidación do Orzamento de 2024 incoado mediante providencia desta Presidencia do día 17 de marzo de 2025.

Logo de ver, que do informe da Secretaría de 17.03.2025, se desprende que en atención ao disposto polos arts. 191.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e, 90.1 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril que a desenvolve parcialmente, así como en relación co parágrafo 20 do art. 14º dos Estatutos do Consorcio, corresponde á Presidencia a aprobación da Liquidación do Orzamento da Entidade.

Logo de ver, que de conformidade co disposto polo citado apartado 3 do artigo 191 do citado Texto refundido, está emitido con data 17.03.2025, o preceptivo e previo informe da Secretaría Intervención, onde se analizan os extremos que á vista da Liquidación practicada se deducen.

Logo de ver, que por mor da consideración deste Consorcio como unha unidade institucional pública de non mercado adscrita sectorialmente á Excm. Deputación Provincial da Coruña, aos efectos do disposto no citado regulamento aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e en relación coa Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e demais disposicións de concordancia, deberá remitirse á Entidade provincial a liquidación practicada ao Orzamento de 2024, a fin da consolidación que proceda.

Logo de ver, que constan cantos documentos, antecedentes e informes son precisos para que a Presidencia poida adoptar a resolución que legalmente ten atribuída aos efectos de dita Liquidación.

Vistos, en consecuencia, os antecedentes, disposicións legais e regulamentarias de aplicación, así como a documentación e os informes citados, no uso da atribución conferida polo citado apartado 3 do artigo 191 do devandito texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, mediante o presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente e documentación que o integra, referente á Liquidación do Orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, correspondente ao exercicio de 2024 e consecuentemente, aprobar a Liquidación practicada ao referido Orzamento de 2024, que de acordo coa documentación que figura no expediente e cos datos que se extraen da contabilidade do Consorcio, presenta as seguintes magnitudes fundamentais:

RESULTADO ORZAMENTARIO	IMPORTE
1. Dereitos recoñecidos netos:	11.066.178,07
2. Obrigas recoñecidas netas:	8,949,665.63
3. Resultado Orzamentario [1-2]:	2,116,512.44
4. Desviacións positivas de financiamento (-):	506,995.10
5. Desviacións negativas de financiamento (+):	506,995.10
6. O.R. financiadas con remanente líquido de Tesourería (+):	35,968.50
7. Resultado Orzamentario axustado:	2,152,479.94



I. Dereitos pendentes de cobramento a 31-12-2024:	
1.Dereitos liquidados no 2024 pendentes de cobramento	310,922.39
2. Dereitos liquidados correspondentes aos exercicios pechados	159,986.31
3.Saldo conta de debedores non orzamentarios	129,031.43
4.Total [1 + 2 +3]	599,940.13
II. Obrigas recoñecidas pendentes de pagamento a 31-12-2024:	
1.Obrigas recoñecidas no 2024 pendentes de pagamento	176,818.82
2. Obrigas liquidadas correspondentes aos exercicios pechados	3,918.00
3.Saldo de contas de acredores non orzamentarios	248,191.32
4.Total [1 + 2 +3]	428,928.14
III. Fondos líquidos da Tesourería a 31-12-2024:	
1.Fondos líquidos	12,999,763.73
IV. Partidas pendentes de aplicación a 31-12-2024:	
1. Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	.00
2. Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	193,632.01
3.Total [2-1]	193,632.01
V. Remanente de Tesourería:	
1. Dereitos pendentes de cobramento a 31-12-2024	599,940.13
2. Obrigas pendentes de pagamento á mesma data	428,928.14
3. Fondos líquidos na Tesourería en fin de Exercicio	12,999,763.73
4. Partidas pendentes aplicación	193,632.01
VI. Remanente de Tesourería Total [1-2+3+4]	13.364.407,73
5. Saldos pendentes de cobramento de difícil ou imposible recadación	70,573.08
6. Exceso de financiamento afectado	.00
7. Saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento ao final do exercicio	.00
8. Saldo de acredores por devolución de ingresos ao final do período	127,719.78
VII. Remanente de Tesourería para gastos xerais [4-5-6-7-8]	13,166,114.87

SEGUNDO.- De conformidade co disposto polo apartado 4 do art. 193 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, da presente aprobación e do propio expediente da que trae causa, darase conta ao Pleno do Consorcio na vindeira sesión que este celebre.

TERCEIRO.- Dar conta da Liquidación do Orzamento de 2024 á Comisión Informativa de Economía, Facenda, Persoal e Réxime Interior na primeira sesión que se celebre a partir da data desta Resolución, e posteriormente ao Pleno corporativo, en cumprimento do establecido no apartado 4 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Así mesmo, remitir copia da Liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento co establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Tamén se remitirá a información establecida na Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das entidades locais e da información adicional requirida para a aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade orzamentaria, e na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

CUARTO.- Emitir certificación do presente para a súa unión co expediente de orixe.

En Carballo, na data que figura á marxe.

O presidente,
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria-interventora,
Asdo.: M^a Graciela Riveiro Moreira



Dilixencia de corrección de erros.- Estendese para facer constar, ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que no Decreto nº 93/2025 de 17.03.2025, de aprobación da liquidación do Orzamento do exercicio 2024, onde di:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente e documentación que o integra, referente á Liquidación do Orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, correspondente ao exercicio de 2024 e consecuentemente, aprobar a Liquidación practicada ao referido Orzamento de 2024, que de acordo coa documentación que figura no expediente e cos datos que se extraen da contabilidade do Consorcio, presenta as seguintes magnitudes fundamentais:

RESULTADO ORZAMENTARIO	IMPORTE
1. Dereitos recoñecidos netos:	11.066.178,07
2. Obrigas recoñecidas netas:	8,949,665.63
3. Resultado Orzamentario [1-2]:	2,116,512.44
4. Desviacións positivas de financiamento (-):	506,995.10
5. Desviacións negativas de financiamento (+):	506,995.10
6. O.R. financiadas con remanente líquido de Tesourería (+):	35,968.50
7. Resultado Orzamentario axustado:	2,152,479.94

I. Dereitos pendentes de cobramento a 31-12-2024:	
1.Dereitos liquidados no 2024 pendentes de cobramento	310,922.39
2. Dereitos liquidados correspondentes aos exercicios pechados	159,986.31
3.Saldo conta de debedores non orzamentarios	129,031.43
4.Total [1 + 2 +3]	599,940.13
II. Obrigas recoñecidas pendentes de pagamento a 31-12-2024:	
1.Obrigas recoñecidas no 2024 pendentes de pagamento	176,818.82
2. Obrigas liquidadas correspondentes aos exercicios pechados	3,918.00
3.Saldo de contas de acredores non orzamentarios	248,191.32
4.Total [1 + 2 +3]	428,928.14
III. Fondos líquidos da Tesourería a 31-12-2024:	
1.Fondos líquidos	12,999,763.73
IV. Partidas pendentes de aplicación a 31-12-2024:	
1. Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	.00
2. Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	193,632.01
3.Total [2-1]	193,632.01
V. Remanente de Tesourería:	
1. Dereitos pendentes de cobramento a 31-12-2024	599,940.13
2. Obrigas pendentes de pagamento á mesma data	428,928.14
3. Fondos líquidos na Tesourería en fin de Exercicio	12,999,763.73
4. Partidas pendentes aplicación	193,632.01
VI. Remanente de Tesourería Total [1-2+3+4]	13.364.407,73
5. Saldos pendentes de cobramento de difícil ou imposible recadación	70,573.08
6. Exceso de financiamento afectado	.00
7. Saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento ao final do exercicio	.00
8. Saldo de acredores por devolución de ingresos ao final do período	127,719.78
VII. Remanente de Tesourería para gastos xerais [4-5-6-7-8]	13,166,114.87

Debe dicir:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente e documentación que o integra, referente á Liquidación do Orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, correspondente ao exercicio de 2024 e consecuentemente, aprobar a Liquidación practicada ao referido Orzamento de 2024, que de acordo coa documentación que figura no expediente e cos datos que se extraen da contabilidade do Consorcio, presenta as seguintes magnitudes fundamentais:

Este documento está asinado electronicamente. Pódese comprobar a súa integridade na sede electrónica do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña <https://sede.cciacoruna.com/gli/> mediante o código de verificación(CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, de Procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público



RESULTADO ORZAMENTARIO	IMPORTE
1. Dereitos recoñecidos netos:	11.066.178,07
2. Obrigas recoñecidas netas:	8,949,665.63
3. Resultado Orzamentario [1-2]:	2,116,512.44
4. Desviacións positivas de financiamento (-):	506,995.10
5. Desviacións negativas de financiamento (+):	506,995.10
6. O.R. financiadas con remanente líquido de Tesourería (+):	35,968.50
7. Resultado Orzamentario axustado:	2,152,479.94

I. Dereitos pendentes de cobramento a 31-12-2024:	
1.Dereitos liquidados no 2024 pendentes de cobramento	310,922.39
2. Dereitos liquidados correspondentes aos exercicios pechados	159,986.31
3.Saldo conta de debedores non orzamentarios	129,031.43
4.Total [1 + 2 +3]	599,940.13
II. Obrigas recoñecidas pendentes de pagamento a 31-12-2024:	
1.Obrigas recoñecidas no 2024 pendentes de pagamento	176,818.82
2. Obrigas liquidadas correspondentes aos exercicios pechados	3,918.00
3.Saldo de contas de acredores non orzamentarios	248,191.32
4.Total [1 + 2 +3]	428,928.14
III. Fondos líquidos da Tesourería a 31-12-2024:	
1.Fondos líquidos	12,999,763.73
IV. Partidas pendentes de aplicación a 31-12-2024:	
1. Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	.00
2. Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	193,632.01
3.Total [2-1]	193,632.01
V. Remanente de Tesourería:	
1. Dereitos pendentes de cobramento a 31-12-2024	599,940.13
2. Obrigas pendentes de pagamento á mesma data	428,928.14
3. Fondos líquidos na Tesourería en fin de Exercicio	12,999,763.73
4. Partidas pendentes aplicación	193,632.01
VI. Remanente de Tesourería Total [1-2+3+4]	13.364.407,73
5. Saldos pendentes de cobramento de difícil ou imposible recadación	70,573.08
6. Exceso de financiamento afectado	.00
7. Saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento ao final do exercicio	1.525,34.00
8. Saldo de acredores por devolución de ingresos ao final do período	127,719.78
VII. Remanente de Tesourería para gastos xerais [4-5-6-7-8]	13.164.589,52

En Carballo, na data que figura na sinatura dixital

O presidente,
Asdo.- Valentín González Formoso

A secretaria-interventora,
Asdo.- M^a Graciela Riveiro Moreira.



CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

6. Memoria



Contido da Memoria:

1. Organización e Actividade.
 - 1.1 Poboación oficial e outros datos de carácter socioeconómico que contribúen á identificación desta Entidade.
 - 1.2 Norma de creación da entidade.
 - 1.3 Actividade principal da entidade, o seu réxime xurídico, económico financeiro e de contratación
 - 1.4 Descrición das principais fontes de ingresos, en especial, as taxas e prezos públicos recibidos
 - 1.5 Consideración fiscal da entidade a efectos do imposto de sociedades e, no seu caso, operacións suxeitas a IVE e porcentaxe de prorrata.
 - 1.6 Estrutura organizativa básica, nos seus niveis político e administrativo
 - 1.7 Número medio de empregados durante o exercicio, tanto funcionarios como persoal laboral, por categoría e sexo.
 - 1.8 Identificación das entidades propietarias e porcentaxe de participación de estas no patrimonio da entidade contable
 - 1.9 Principais fontes de financiamento e a súa importancia relativa.
2. Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración.
3. Bases de presentación das contas.
4. Normas de recoñecemento e valoración.
5. Inmovilizado material.
6. Patrimonio público do solo
7. Inversións inmobiliarias.
8. Inmovilizado intanxible.
9. Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar.
10. Activos financeiros.
11. Pasivos financeiros.
12. Coberturas contables.
13. Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias.
14. Moeda estranxeira.
15. Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.
16. Provisións e continxencias.
17. Información sobre medio ambiente.
18. Activos en estado de venda.
19. Presentación por actividades da conta do resultado económico patrimonial.
20. Operacións por administración de recursos por conta de outros entes públicos.
21. Operacións non orzamentarias de tesourería.
22. Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación.
23. Valores recibidos en depósito.
24. Información orzamentaria.
25. Indicadores financeiros, patrimoniais, e orzamentarios.
26. Información sobre o coste das actividades
27. Indicadores de xestión
28. Feitos posteriores ao peche.
29. Aspectos derivados da transición as novas normas. (Non procede)
30. Estado de conciliación bancaria.
31. Balance de comprobación.

CONTA XERAL EXERCICIO DE 2024:
MEMORIA

1. Organización e Actividade.

1.1 Poboación oficial e outros datos de carácter socioeconómico que contribúen á identificación desta Entidade:

De acordo coa actividade desta entidade explicitada no apartado seguinte, o Consorcio presta o seu servizo ás comarcas da provincia de A Coruña segundo a relación que se exporá de seguido, polo que se ten considerado que a poboación daquelas pode ser estimada como “beneficiaria” a inicio, de dito servizo. En consonancia co anterior, e segundo os datos de poboación por municipios do Instituto Nacional de Estatística con referencia a 01.01.2024 (aprobada polo Real decreto 1210/2024, do 28 de novembro), a poboación á que se presta o servizo ascende a 674.422 persoas (suma das de cada un dos municipios que abranguen as comarcas, segundo se verá de seguido), iniciais “beneficiarios” e, repártese en función de cada un dos Parques Comarcais de acordo coa seguinte distribución:

PARQUE COMARCAL BOMBEIROS DE **CARBALLO** (apertura en xullo de 2004):

Municipios	Poboación	Superficie	Habitantes por km. ²
CABANA DE BERGANTIÑOS	4.098	100,09	40,94
CARBALLO	31.595	183,83	171,87
CORISTANCO	5.744	141,14	40,69
A LARACHA	11.603	125,76	92,26
LAXE	2.919	36,37	80,25
MALPICA DE BERGANTIÑOS	5.267	60,39	87,21
PONTECESO	5.318	87,89	60,50
TOTAIS	66.544	735,47	532,78

PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE **ARTEIXO** (apertura en xullo de 2004):

Municipios	Poboación	Superficie	Habitantes por km. ²
ABEGONDO	5.578	83,91	66,47
ARTEIXO	34.038	93,36	364,58
BERGONDO	6.986	32,72	213,50
CAMBRE	24.781	40,71	608,72



CARRAL	6.775	48,02	141,08
CULLEREDO	31.085	62,34	498,63
OLEIROS	38.333	43,71	876,98
SADA	16.140	27,42	588,62
TOTAIS	163.716	432,19	3358,58

PARQUE COMARCAL DE **BOIRO** E SUB- PARQUE DE **RIBEIRA** (apertura en agosto de 2004):

Municipios	Poboación	Superficie	Habitantes por km. ²
BOIRO	19.018	86,52	219,81
POBRA DO CARAMIÑAL	9.184	32,36	283,80
RIANXO	10.748	58,79	182,82
RIBEIRA	27.111	66,3	408,91
PORTO DO SON	9.064	94,56	95,85
NOIA	14.092	37,21	378,71
LOUSAME	3.099	93,65	33,09
OUTES	6.049	99,73	60,65
DODRO	2.620	36,12	72,53
TOTAIS	100.985	605,24	1736,17

PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE **ARZÚA** (apertura en setembro de 2004):

Municipios	Poboación	Superficie	Habitantes por km. ²
ARZÚA	5.887	155,43	37,87
BOIMORTO	1.801	82,37	21,86
O PINO	4.581	131,86	34,74
TOURO	3.387	115,34	29,36
MELIDE	7.734	101,3	76,34
SANTISO	1.453	67,39	21,56
SOBRADO	1.754	120,63	14,54
TOQUES	1.070	77,92	13,73
TOTAIS	27.667	852,24	250,00

PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE **ORDES** (apertura en setembro de 2004):

Municipios	Poboación	Superficie	Habitantes por km. ²
CERCEDA	5.085	110,92	45,84



FRADES	2.163	81,74	26,46
MESÍA	2.383	105,59	22,56
ORDES	12.772	157,31	81,19
OROSO	7.757	72,09	107,60
TORDOIA	3.181	124,53	25,54
TRAZO	2.979	101,42	29,37
TOTAIS	36.320	753,6	338,56

PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE **BETANZOS** (apertura en febreiro de 2005):

Municipios	Poboación	Superficie	Habitantes por km. ²
ARANGA	1.799	120,18	14,96
BETANZOS	13.261	24,25	546,84
COIRÓS	1.931	33,63	57,41
CURTIS	4.181	116,6	35,85
IRIXOA	1.326	68,23	19,43
MIÑO	6.946	32,52	213,59
OZA - CESURAS	5.151	151,53	33,99
PADERNE	2.387	39,93	59,77
VILARMAIOR	1.252	30,37	41,22
VILASANTAR	1.229	59,25	20,74
TOTAIS	39.463	676,49	1043,80

PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE **AS PONTES** (apertura en outubro de 2005):

Municipios	Poboación	Superficie	Habitantes por km. ²
CABANAS	3.296	29,75	110,79
A CAPELA	1.182	57	20,73
MONFERO	1.818	172,59	10,53
PONTEDEUME	7.456	29,42	253,43
AS PONTES	9.782	250,55	39,04
AS SOMOZAS	1.068	70,97	15,04
SAN SADURNIÑO	2.733	99,93	27,34
TOTAIS	27.335	710,21	476,90

PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE **CEE** (apertura en xullo de 2006):



Municipios	Poboación	Superficie	Habitantes por km. ²
CEE	7.740	57,51	134,58
CORCUBIÓN	1.678	7,6	220,78
DUMBRÍA	2.776	124,75	22,25
FISTERRA	4.704	29,42	159,89
MUXÍA	4.380	121,3	36,10
CAMARIÑAS	5.098	51,83	99,36
VIMIANZO	6.808	187,54	36,30
ZAS	4.261	133,06	32,02
TOTAIS	37.445	713,01	741,28

PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE **SANTA COMBA**: (apertura en decembro de 2007):

Municipios	Poboación	Superficie	Habitantes por km. ²
MAZARICOS	3.719	187,27	19,85
SANTA COMBA	9.319	203,67	45,75
A BAÑA	3.291	98	33,58
NEGREIRA	6.961	115,11	60,47
TOTAIS	23.290	604,05	159,65

CONVENIO DE COLABORACIÓN CO **CONCELLO DE FERROL**:

Municipios	Poboación	Superficie	Habitantes por km. ²
ARES	6.156	18,31	336,20
CEDEIRA	6.548	46,23	141,63
FENE	12.530	26,29	476,60
MUGARDOS	5.195	12,77	406,81
NEDA	4.868	23,68	205,57
VALDOVIÑO	6.857	88,22	77,72
TOTAIS	42.154	215,5	1644,53

Os anteriores cadros reflicten o ámbito de actuación primario dos SPEIS do Consorcio, non obstante tamén compre sinalar o ámbito de actuación secundario onde se desenvolve a actividade, e que, por tanto, cuxa poboación, que ascende a 110.122, se pode considerar beneficiaria do servizo:

Municipios	Poboación	Superficie	Habitantes por km. ²	SPEIS
AMES	32.812	80,04	409,94	Santa Comba-



BOQUEIXÓN	4.200	73,18	57,39	Boiro
BRIÓN	8.197	74,90	109,43	Ordes-Arzúa
CARIÑO	3.691	47,10	78,36	Santa Comba
CARNOTA	3.800	70,90	53,59	As Pontes
CERDIDO	1.004	52,72	19,59	Cee
MAÑÓN	1.244	82,21	15,13	As Pontes
MOECHE	1.200	48,50	24,74	As Pontes
MUROS	8.184	72,91	112,24	As Pontes
ORTIGUEIRA	5.418	209,60	25,84	Santa Comba-Cee
PADRÓN	8.256	48,37	170,68	As Pontes
ROIS	4.395	92,76	47,38	Boiro
TEO	19.045	79,30	240,16	Boiro
VAL DO DUBRA	3.734	108,64	34,37	Ordes-Boiro
VEDRA	4.942	52,78	93,63	Santa Comba
				Arzúa-Ordes

1.2 Norma de creación da entidade.

Mediante o Decreto 258/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban os estatutos do Consorcio Provincial da Coruña para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia foron aprobados os Estatutos polos que se se constitúe este Consorcio. Posteriormente, foron obxecto de sendas modificacións parciais a través do Decreto 151/2006, do 31 de agosto (DOG núm. 177 do 13 de setembro de 2006) e o Decreto 62/2009, do 12 de marzo (DOG núm. 60 do 27 de marzo e corrección de erros no DOG núm. 66 do 6 de abril de 2009).

1.3 Actividade principal da entidade, o seu réxime xurídico, económico financeiro e de contratación.

Segundo figura no Artigo 5º dos Estatutos deste Consorcio aprobados polo Decreto 258/2002, do 30 de xullo (DOG 154/12.08.02), e modificados polo Decreto 258/2006, do 30 de xullo (DOG 154/13.09.06) e polo Decreto 62/2009, do 12 de marzo (DOG 60/27.03.2009 e con corrección de erros no DOG 66/06.04.2009) constitúe o obxecto do consorcio a prestación, por calquera das modalidades previstas na lexislación aplicable, do servizo contra incendios e salvamento. Sendo que, entre os fins do consorcio estará a colaboración cos servizos municipais de protección civil dos concellos para o salvamento de persoas e bens, a prevención e extinción de incendios, a prevención e actuación ante calquera tipo de sinistro ou situación de risco e o asesoramento e asistencia, formación e información en materia de seguridade, que afecten a persoas, edificacións e instalacións.

O artigo 149 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia no seu apartado segundo dispón que “Os consorcios locais son Entidades Locais dotadas de personalidade xurídica propia e capacidade para o cumprimento dos seus fins específicos, que virán definidos nos seus respectivos estatutos”.

O Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña nos seus Estatutos indica (art.7º) que o consorcio ten carácter administrativo e personalidade xurídica propia e independente das entidades que o integran, e capacidade xurídica para o cumprimento dos fins estatutarios. Aos efectos da citada integración o art.1º dos Estatutos establecen que o Consorcio queda integrado pola Deputación Provincial da Coruña e a Xunta de Galicia.



Non obstante, o Consorcio "considerase unha unidade institucional pública dependente da Deputación Provincial, e clasifícase dentro do sector Administracións Públicas", en palabras da IGAE. Figura no Inventario de Corporacións Locais na Deputación Provincial de A Coruña a data de xaneiro de 2014. Neste recollese dentro do sector Administracións Públicas ao Consorcio, establecendo que a administración de dependencia é a Deputación Provincial de A Coruña.

O Consorcio está suxeito ao réxime de orzamentación, contabilidade e control da Administración pública á que está adscrito, sen prexuízo da súa suxeición ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. En todo caso, a Deputación Provincial levará a cabo unha auditoría das contas anuais que será responsabilidade do órgano de control desa Administración. O Orzamento do Consorcio forma parte dos orzamentos e inclúese na conta xeral da Administración pública de adscrición, como Anexo.

O Consorcio está integrado pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de A Coruña, que financian a partes iguais (50% cada unha) os seus gastos de funcionamento e de equipamento, xunto con outros ingresos que proveñen fundamentalmente de taxas pola prestación do servizo, tal como se desenvolve no apartado seguinte. Asemade o seu Pleno está integrado por membros de ámbalas dúas entidades de xeito paritario.

1.4 Descrición das principais fontes de ingresos, en especial, as taxas e prezos públicos recibidos.

Segundo deixa establecido o artigo 22º dos Estatutos os recursos do Orzamento do Consorcio están constituídos polos seguintes:

- a) As achegas dos entes consorciados.
- b) As subvencións e outros ingresos de dereito público.
- c) As taxas, contribucións especiais e prezos públicos fixados de acordo coa lei.
- d) Ingresos de dereito privado e os bens adquiridos polo consorcio que se integran no seu patrimonio.
- e) O produto de operacións de crédito.
- f) Calquera outro recurso que puidera serlle atribuído de acordo coa lexislación vixente.

De acordo co anterior podemos desenvolver este artigo, facendo especial fincapé no que respecta ao exercicio de 2023:

- a) As achegas dos entes consorciados.

Esta fonte de financiamento aparece desenvolvida, á súa vez, no artigo 23º dos estatutos (modificado, na letra a, mediante o aludido decreto 62/2009), e segundo a vixente redacción:

As achegas dos entes consorciados para sufragar os gastos ordinarios de funcionamento do parque, efectuaranse da maneira seguinte:

- a) Fase de construción e equipamento:
 - Xunta de Galicia: 50% do total do orzamento.
 - Deputación Provincial da Coruña: 50% do total do orzamento.
- b) Fase de funcionamento:
 - Xunta de Galicia: 50% do total do orzamento.
 - Deputación Provincial da Coruña: 50% do total do orzamento.

b) As subvencións e outros ingresos de dereito público.



Durante o exercicio 2024 estaba prevista nos créditos iniciais unha subvención para o financiamento dun convenio de cooperación, en materia de emerxencias, co Concello de Ferrol para o período de 2024, de idéntica contía á do exercicio anterior. Non obstante, finalmente este convenio non se chegou a formalizar polo que non se realizou o gasto nin se percibiu o ingreso. Como consecuencia do anterior, prodúcese a 31.12.2024 unha descompensación entre as achegas dos entes consorciados.

c) As taxas, contribucións especiais e prezos públicos fixados de acordo coa lei.

O Consorcio comeza o seu funcionamento administrativo no último cuadrimestre do ano 2002, non sendo ata 2003, no que se tramitan expedientes para a adquisición dos equipamentos e vehículos necesarios en función do calendario que para a apertura dos Parques preveuse nos estatutos e polo Pleno. Por outra banda, mediado o ano 2004, dáse inicio á actividade dos Parques comarcais (comezando, como veremos mais adiante, cos de: Carballo, Arteixo, Arzúa, Ordes, Boiro e Sub- Parque de Ribeira) e, nese mesmo ano, apróbanse as ordenanzas fiscais núm. 1, 2 e 3, polo que, finalmente, non é ata 2005 (de entrada e vigor das núms. 1 e 3), cando se comeza á recadación de **taxas** pola prestación do servizo (O. F. nº 1), e por expedición de documentos (O. F. nº 3), producíndose, a partir de entón, a recadación, que non é, certamente, dunha contía significativa respecto doutros ingresos (especialmente das achegas das dúas Administracións que forman este Consorcio):

Nº	RECADACIÓN NETA TOTAL																
1	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
	134.135,20	219.338,80	149.040,00	144.664,00	241.463,30	115.302,80	126.327,28	109.996,80	146.001,00	125.525,81	120.946,10	122.877,00	163.838,25	99.520,89*	270.511,28	37.255,05	81.168,05
3	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
	1.602,50	1.416,50	1.110,50	1.751,50	1.523,00	1.453,00	980,00	943,00	1.120,00	1.448,54	2.331,63	1.409,00	1.185,00	1.027,00	1.444,00	666,00	2.066,00

1	2022	2023	2024
	401.327,08	413.680,09	300.999,59
3	2022	2023	2024
	1.960,00	2.938	2.440,00

Derivado do sinalado anteriormente, non é ata o ano 2006, cando se recadan os recursos aprobados mediante a ordenanza fiscal nº2 (aprobada en 24.03.2004), reguladora das **contribucións especiais** pola mellora da prestación do servizo de extinción de incendios, baixo os correspondentes convenios con Unespa, e que desde a aprobación da Ordenanza Fiscal nº 4, reguladora da taxa polo mantemento do servizo, supón, ao cabo, a substitución de un, por outro tributo, ambos, baixo convenio, e que produciron os ingresos seguintes:

O.F. 2								O.F. 2	O.F. 2	O.F. 2	O.F. 2	O.F. 2	O.F. 2	O.F. 2	O.F. 2
2005/6 (*)	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
1.960.000,00	980.000,00	980.000,00	980.000,00	2.142.621,65	2.142.621,65	1.809.725,99	1.911.057,09	1.932.141,05	1.968.788,12	2.142.621,65	2.110.488,89 ¹	2.243.815,53	2.464.657,87	1.948.651,01 ²	2.382.949,00

(*) en 2006 se recadan tanto o propio exercicio de 2006 como o precedente de 2005

¹ Inclúese unha DII de 37.730,63 € correspondentes ao exercicio 2016.

² DR= 2.261.202,48 € - DII 258.401,13 € (códigos postais Santiago de Compostela) -DII 54.150,34 € (erro comunicación de primas polas aseguradoras). Ingreso realizado no exercicio 2021.



O.F. 2	O.F. 2	O.F. 2	
2022	2023	2024	TOTAL
2.821.039,86	2.747.241,61	2.989.369,43	29.112.255,13

d) Ingresos de derecho privado e os bens adquiridos polo consorcio que se integran no seu patrimonio.

Como **ingresos de derecho privado**, cabe sinalar os procedentes dos intereses dos depósitos nas contas que o Consorcio mantén e que tiveron, desde o inicio do funcionamento, o seguinte rendemento total:

2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
11.357,40	9.072,52	59.132,43	49.921,88	92.154,11	23.368,63	24.122,30	32.968,51	44.970,08	39.831,35	19.626,01	11.133,90	1.850,91	6.746,73	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

En canto o que ocupa aos **bens** adquiridos, durante o exercicio 2021 aprobouse en sesión plenaria do 26 de novembro, o Inventario de bens do Consorcio, e dende o exercicio 2024 realizáronse as altas correspondentes ás novas adquisicións e baixas no programa de xestión do patrimonio (GPA), estando pendentes de elevar ao Pleno as modificacións do inventario correspondentes ao 2024.

e) O produto de operacións de crédito.

Nin no exercicio de 2024 nin anteriores acudiuse a operación de crédito ningunha por parte do Consorcio, polo que nin existen ingresos desa natureza nin obrigas da débeda xerada por tal concepto.

f) Calquera outro recurso que puidera serlle atribuído de acordo coa lexislación vixente.

No exercicio de 2024, non foi recadada contía significativa ningunha agás as que figuraban orzamentadas.

1.5 Consideración fiscal da entidade a efectos do imposto de sociedades e, no seu caso, operacións suxeitas a IVE e porcentaxe de prorrata.

De acordo co establecido no artigo 7.8º da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, a actividade do Consorcio non está suxeita a este imposto. Por tanto, en relación ás operacións suxeitas a IVE, o imposto soportado pola Entidade Contable non ten a consideración de deducible.

1.6 Estrutura organizativa básica, nos seus niveis político e administrativo.

Os órganos de goberno e de xestión do consorcio son os seguintes (Art. 8 Estatutos):

- Pleno.
 - Pleno do consorcio, máximo órgano colexiado do mesmo, estará integrado por:



- Presidente da deputación ou deputado en quen delegue.
 - Conselleiro con competencias na materia ou persoa en quen delegue
 - Dous deputados da deputación provincial designados polo presidente da deputación.
 - Dous representantes da Xunta de Galicia designados pola consellería con competencias na materia.
 - Con voz, pero sen voto, asistirán:
 - O funcionario que desempeñe as funcións de secretario e interventor do consorcio.
 - O xerente do consorcio.
- Presidente.
- Vicepresidente.

O presidente do consorcio será elixido polo pleno do consorcio por maioría absoluta do número legal dos membros do consorcio. De igual xeito, será elixido o vicepresidente.

Os cargos de presidente e vicepresidente renovaranse cada vez que se renoven os cargos das administracións consorciadas como consecuencia da celebración de eleccións ou outros cambios que se produzan nelas e que así o fixera necesario. O presidente exercerá as competencias que se lle atribúen nos presentes estatutos.

O vicepresidente substituirá ó presidente nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade e nos demais que regulamentariamente proceda. Exercerá as mesmas competencias que o presidente durante o tempo que dure a substitución.

- Consello consultivo.

Para asesoramento e informe das materias que se determinen crearase un Consello Consultivo integrado do seguinte xeito:

- Presidente: presidente do consorcio ou membro do Pleno en quen delegue.
- Os alcaldes dos concellos onde se instalen os parques ou subparques que o consorcio acorde poñer en marcha.
- 2 representantes da Xunta de Galicia designado polo conselleiro con competencias na materia.
- 2 representantes da deputación provincial designado polo seu presidente.

Finalizado o prazo de exposición ao público de vinte días do acordo de aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, adoptado polo Pleno do Consorcio en sesión de data 21.11.2019, foi aprobado definitivamente o expediente en sesión plenaria de 06.07.2020 trala resolución de todas as alegacións presentadas en prazo, de conformidade co establecido no artigo 90 da Lei 7/1985 de base de réxime local e artigo 202 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia. (BOP nº 188 de 06.11.2020). Na actualidade, atópase en fase de tramitación a modificación da Relación de postos de traballo vixente e organigrama, estando pendente de resolución de alegacións e aprobación definitiva.

Asemade, está en tramitación o I Convenio colectivo para o persoal operativo dos parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, de aplicación aos bombeiros-condutores, cabos-xefe de quenda e sarxentos-xefe de parque.

En canto a organización administrativa, establece a seguinte de conformidade coa actual RPT e estatutos do Consorcio:

- Xerencia:



- ✓ Xerente
É o órgano ó que corresponde realizala xestión ordinaria dos asuntos de competencia do consorcio, baixo a inmediata dirección e dependencia do presidente. Poderá ter a consideración de persoal eventual de acordo co establecido no artigo 104 da Lei 7/1985, de bases de réxime local e demais normativa de función pública, ou calquera outro tipo de persoal, funcionario ou laboral de conformidade co disposto naquela.
- ✓ Oficial
- ✓ Suboficial coordinador do servizo
- ✓ Sarxento

➤ **Secretaría Intervención**

Desempeña as funcións reservadas a funcionarios de Admón. local con habilitación de carácter nacional, na actualidade mediante unha comisión de servizos.

➤ **Oficinas de administración xeral:**

- ✓ Técnico de administración xeral
- ✓ Administrativa-Contable
- ✓ Administrativo de administración xeral.
- ✓ Auxiliar Administrativo Xeral.

➤ **Persoal de intervención:**

- ✓ Sarxentos (10)
- ✓ Cabos-xefe de quenda (53)
- ✓ Bombeiros-condutor (111)

1.7 Número medio de empregados durante o exercicio, tanto funcionarios como persoal laboral, por categoría e sexo.

O persoal do Consorcio de acordo co cadro de persoal e relación de Postos de Traballo vixente en 2024 e excluído ao persoal de carácter temporal (que non ocupe unha praza vacante), queda circunscrita a 180 efectivos, de acordo coa seguinte distribución:

TIPO	NÚMERO	DESCRICIÓN	Sexo
FUNCIONARIO	3	Habilitación Nacional: Secretaría – Intervención	Muller
